




oceanografía de interior



Samuel L. París / Xabier Xil Xardón
oceanografía de interior
<http://pararaparis.wordpress.com>

oceanografía de interior

Como cada mañá. Dános hoxe o espazo que nos rodea. Cando se nos acabe o desexo mercaremos máis TEMPO HISTÓRICO / se a primeira noite non se fode, xa nada.

Cando traces os patróns do traxe impacientate, obvia as deformidades do espello que te describe á súa imaxe e semellanza e deliña o recordo dos membros amputados

TEMPO BIOLÓXICO / a historia está da nosa parte, mira como calo.

Confeso que me corrín sentindo pasar o tempo sen parar en mín, persuadinme reanimando as horas mortas cun boca a boca a narices pechos / o traxe de mergullo sentábache tan ben / o inútil das navallas era / díxenche que venceremos nós?

Ameázame e mázame ao ir contra o teu metaesbozo.
O verde senta moi ben cando sativa o día / cres nas
luces do tráfico, bolo alimentar?

.

Enantiomórfico saúdo matinal
SAÍR Á RÚA MANCORNADO ABDOME
SAÍR Á RÚA METE O BANDULLO DO REVÉS
SAÍR Á RÚA quei nos miran
Falemos de mulleres / Pesadelos fibra alimentar

.

Se se trataba de vencer,
avisaras. Se se trataba de ter a vontade de,
avisaras.
Se envexa waterproof,
aquí eu vou Whoa aquí eu vou, vou Whoa, aquí eu vaia, vaia, vaia-ooooooooo

.

[Non quero correr máis. Déixame entrar.]

A persecución era un fluír de séculos ingrávidos = un sumidoiro

de épicas transxénicas / houbemos de ser incapaces de

habitar unha efeméride, habería de sernos imposible

conxugarnos en presente sen volvernós Jesse James, o traizoado.

Falaríamos da concordancia se viñer a conto e o subxuntivo non for

un tempo de panópticos / unha fuga para coro de órganos e claves/

a imposición do espido / a presenza do Home / (...) /

invisible, abolindo a intimidade polo baixo.

Soporto pesos de contramañás en calma / máis rúas empinadas /

que se esboroa enriba / mira, que se esboroa enriba / mira,

só tes que mirar para ver, cabrón, que se esboroa enriba, mira // ASPIRANDO

a casa despois de trinta anos. Tanta merda acumulada. Quitando

o filtro da aspiradora, pegándoo á boca, respirando fondo

[[, .]]
[=]
[/]
[,]
[J J , .]
[/]
[/]
[, /]
[/ , / ,]
[, , , //]
[. . .]
[, ,]

Os coches! Veñen os coches! Fluirán polas rúas coma un río

inzado de peixes e bandeiras os

coches dos papás os coches de liña os coches dos papas os coches de punto.

O metal é plástico / A teteira suicidouse / Rodar e rodar

CONTACTO:	05.01 p.m.
FERVENDO:	+105°C
CONTACTO AQUELÓUTRAME:	valores / descomposto ultrabiónico
NACEU CHUNGO DA CABEZA:	ouvidos que non miran

Os coches flúen pola rúa / ZAP! / Carros de cenouras / Os pasos / ZAP!
Os coches escorren pola / ZAP! / A condición / O corazón do sapo / ZAP!
Os coches ai ai ai os coches / ZAP! / Malestar / Glutamato / ZAP!

Potenciador do silencio e haberá tontos informaticoletrónicos e que sexa leve.

CONTACTO ZAP!:	05.14 p.m.
FERVENDO:	ZAP!

[conexión non-decide]

Coma cobras, meu, coma cobras!

O día espertou rotulado, con ollos neon-escáncer, algo mornos...

As rúas, case incompletas, elementaban, elementaban. Os corpos

como algo que conmove e pasa, inodoro ao pasar

e pasa moito despois de demasiado, efectivando, efectivando.

Esas linguas, eses dentes de xogador de béisbol

chegando á derradeira base!

As lendias espertaron tamén, of course. Desde a súa atalaia

albiscaron leviatáns fluorescendo, fluorescendo, arrimaron a orella

ao dominical do sábado, leron unha crítica de Explosion in the Sky

e concluíron: Hostia! Un día rotulado!

Eran finísimas as aves, e incertas, alcaloides no nacente da saliva.

Querían contar unha historia e asubiaban, asubiaban... do meu punto

de vista escoito o CLIN do microondas. Xa che falei

da morte da teteira? Agora CLIN, CLIN, CLIN

e fóra FÍU FÍU FÍU, e fóra cada vez existe menos,

e fóra cada vez aliteración agónica, e os días non espertan

que os días non son xente e son palabras mal abertas

/ vai que cho miren, anda, e tranki mazín, guer z, onda vital e polo

poder da escola gris, a tan austríaca. Esquece

a fábrica dos coches, as empresas auxiliares... o prestidixitador ten mans a ducias,

chanta cada peza no seu sitio, desexa corpos porque mantén unha relación

material coa sintaxe, almorza ideoloxía (a do café descafeinado) e cobra, meu,

cobra polo seu traballo a oportunidade de reptaren pola alfombra persa

coma cobras, meu, coma cobras!

O corazón do sapo é un lobo sen orellas e
tu aprendiches a amar princesas moito antes do primeiro orgasmo,
va que si, meu amador?

/

Había unha vez un sapo que medraba entre caimáns e donas
brancas coma a semente da lagoa / Nai é
onde se prende, inda que sexa de cana, horizonte mitocondrial ou
burato para botar un ollo deica un íntimo remoto / acordábase do cágado
mais cismaba en allearse.

/

O sapo tiña un espello que mercara nas Quimbambas.
O espello pronunciábao ouveando, coma un lobo sen orellas,
e velaí un deus ao que non se lle reza.

/

Diciáse: Oh Príncipe do Monte, procura a costela que che falta
para completar a máquina de meter medo, o invento do pánico
e o espasmo. Ese sapo postraumático que me quere tanto,
ubicuo coma o lobo sen orellas, inflexible coma a néboa
os días de néboa. Feroz, introspectivo, acumulándose até a extenuación.

/

Onte chamárono por teléfono. Preguntaban pola sombra do seu nome.
Non sei, contestou (...) Non me coñezo (...) De nada.

/

O sapo-código de barras do espello das Quimbambas que quería ser caimán
e por papar a dona branca inventaba lobos xordos para ter conta das ovellas,
o literario sapo certificado de orixe incontable e singular cágado notable
e mellor persoa, fillo de e fillo de, coetáneo do resto. O sapo-sapo-PVP.

Os riles simpáticos do sapo reparten os suspiros que o Gadis [falta o camiño]

[RECTIFICAMOS]

Os riles simpáticos do sapo son pequenos pero conchos / Os irmáns do mal /
PARTE II / carecemos de amarguras e aparecemos sen ataduras porq [falta o camiño]

[CENTRÉMONOS]

Os riles simp

[A NEGRA A NEGRA MÉTELLE A NEGRA AÍ]

Os riles simpáticos do sapo filtran billetes de figas nadas estrañamente

O ril-sapo-automatriz medley da Sífile que quería ser pitbull
e para remexer na alma allea reforzaba ideas alleas por ter algo que facer,
o metafísico ril-sapo frondoso de lasca DESORDE e encaixonado / brutal /
E NON É BROMA, mía senhor (mía wallace), francamente carallo on parade.
O ril-sapo-grande-coma-el-soíño. Bombas e... o durum? Con queix*, b*tch!

Do lugar recordo só tres dimensións:
que estaba, que estabas, que estabamos.

Como ves collemos en dous versos.
Isto éche coma as latas de sardiñas,
e nas latas de sardiñas non hai contradicións de clase.

O leite, os chococrispis.
Hai quen chega e quen non chega
ao final deste poema.

Atención: isto non é un simulacro,
este oco é oco con todas as consecuencias.

E quen chega
non respira,
non medra,
non recúa.

Velaquí o cheiro da estrutura:

a
b
c
d
e
f
g
h
i
l
m
n
ñ
o
p
q
r
s
t
u
v
x

z / a pel dun deus que ten pirola.

O simulacro bigote no vidro da fiestra do cuarto de baño.
O simulacro mancha lentiforme / a chococrise / o leite callou (en la casa todo se magnicidio)

[RETRÚCALLE]

Deus tiña tremenda thunderpussy.
Deus tiña tremenda hepatoconacha.
Deus tiña tremenda turbopeseta.

[O OCÉANO INTERIOR É BRAVO]
[O OCÉANO INTERIOR É BRAVO]
[O OCÉANO INTERIOR... BRAVO!]

BARRIGOLA TURBIA: visibilidade océano interior COMPLICADA

Capitán,
non hai un cristo que navegue
que se o mar de fondo oi ho vainos rebentar o aparello enteiro.
Capitán,
non hai un cristo que ai cristo bendito onde iremos.
Capitán,
sofá de tres de prazas a quen se lle conte.

[estamos rotos]
[volvemos á casa?]

Ok. Pero hai un inquilino negro. Eu só aviso.

Corrías. Tu sempre corrías. Metías cousas pequerrechas nos petos e corrías. Unha distancia aguanta a respiración mentres corrías. Non sei o que metías nos petos, mais podo enumeralo: unha chave en ruínas, o perfume daquel verán, a luz daquel inverno, unha navalla a medio abrir, quizais un verme familiar e intransferible, quizais un verte no espello do ascensor e apartarte os ollos.

Na entrada todo cheira a entrada. No corredor, a corredor. Poñamos que hai fotos nas paredes do corredor. Dirán do chan que o superfluo era. Dos pasos, que ben podían. Saben moito as fotos do sentido do poema.

E as estancias? Á beira do camiño o interior do interior esconde un monte de roupa luxada, como un mar de días que non volven, invertébrándose ao pasar e nunca volven. Criácheste con iso, recordas? Os cuartos dos teus vellos despeçados e metidos en caixas de zapatos, o sistema de abanos, os lugares da orixe e as palabras posibles fronte ás palabras existentes.

Deica a cociña todo é fondo, e o lugar de chegada un hábitat previsible. Recoñécese no seu tacto subalterno, na disposición dos cazos na lacena.

Fronte ao espello do baño, porén, o conto cambia e o que avisa non é traidor. Ben poderías escribirme o que segue:

Fáltame a esquina dun dente. A súa ausencia é a forma dun grafema que me é propio, e mais non de todo intransferible.

Aconteceu lavando a boca:

coa vista chantada no desaugue sobreveume un intre de absorción, coma quen di
noteime dar a volta sobre min e coas retinas remangadas sentín
a profundidade dun son como de mar de fondo, inesgotable,
o barullo ía en aumento e agora foi
como un bruar de cascos / apertárame o oso
co seu amor salvaxe e o seu alento incondicional
a peixe fresco, diríase un oso-peirao, unha
regresión abrupta / cortando Phillip Glass as unllas
dos pés, sentado na taza do váter, rindo cara min cunha agulla
cravada no entrecello, contempla a miña dor e
díxome que certas palabras me fan parecer parvo
e escachaba a rir. A espuma sendo, o cepillo estando
a rozar outra gavela de toxos, o señor Glass a regañar a caixa e
xu xe xu cro cre cro bate bate bate bate

Custoume media vida saír dese intre. Media vida e a esquina dun dente.

.
Hai un xeito de dicir as cousas. Hai outros.

Hai un xeito de non dicir as cousas.

Hai un xeito de preguntar por elas e retorce a boca,
pon caras ante o espello, enxauga a boca, pecha a billa, vai para a cama.

Hai un xeito de non querer que medren herbas arredor do nicho da familia.

Hai un xeito de desexar non ter familia para non ter que visitarse
cada dez centímetros de herba e festas de gardar.

.
Dálle, tu non pares, ben sabes que te quero. Encheríache de posits o fume dos cigarros
que fumamos neste texto, mais xa sabes que non colan.

Fáltame a esquina dun dente.
Fáltame a esquina dun dente.
Fáltame a esquina dun dente.
Fáltame a esquina dun dente.

Fáltame a esquina dun dente.
Fálame na esquina dun dente
e dime que ninguén me esvarou na caluga
para que escachase a peza contra o fondo da bañeira
e dime que paseei no aire no curro da praza
e dime que o grave deste porto estrañamente planificado
é que ti sempre me lambes
en ausencias cálcicas e aínda penso que sinto o dente
que os mortos é normal botalos en falta
que as mortas son frías de máis
e fálame na esquina dun dente baixo neón cuniforme.

[estamos rotos]
[volvemos á casa?]
[agora escusas buscarme]
[non teño nada]

Só supostamente.
Na casa apenas colle a casa.
Coma na lacena da cocíña, non sabes?
Esa colección de cuncas da Festa da Saínza
que só serven para nomearte, para chamar por ti
alá, no fondo do pozo.
Como ves, pónome simple.
Perdemos a dentamía aos berros.
Todo manca, que é o mesmo ca dicir
que esquecemos a dor mesma.
Pensa no frontón da escola, eras neno, non eras?
Masculino singular? Non tanto? Tanto ten.
O caso é que xogabas ao paredón.
Aos furóns contra o paredón.
Ves? Erades vós a devolver as balas.
O outro erades vós, unha dor allea sempre
por necesidade. Non fixemos a mili,
ninguén o diría se non for porque sufrimos tanto.
Esa casa paixón transcendental
non nos levou a nada, apenas a querer volver á casa.
Así que fálame do mar, mariñeiro, e dime
se é verdade o que contan del. Eran os teus brazos o vento
ou todo foi unha licenza poética?

as diminuídas do adeus
deixáronnos arder / AGÁS... [agás que?]
/ AGÁS OS CÓMPLICES
/ [vexamos]

problemas de épica / REDUNDARSE
/ FILLOA ETA BISTÉKOLES
/ RAÍCES LATINA ETA DANCING ALL NIGHT LONG
/ [vexamos] / AGÁS!

[agás o que?]

as sincopadas do adeus / [deus ía a gas!]

[xeamos]

perdemos a dentamia
consagramos a podremia
trina ti por min que eu xa me malinterpretarei

[vexamos]
[sexamos un agás]

Coma fachos, meu, coma fachos!
Alí chantados, escribindo un final macabro
e percebes dentro. Pónteme ao xeito, cabaliño bo,
que che dou unha patada no cu que te fundo.
A festa da empanada mental, lugar de encontro
para os covardes, corriamos coma fachos polos prados
para ver de noite a voz pacendo, meu, volver ao verde.
Coma fachos pola estrada e ver de noite
a luz lambendo, meu, volvendo ao rego.
Agás o bolo alimentar. Sexadores de polos, si, mais tamén
sexamos un agás de Pascuas en Ramos, claro. Unha cousa non é
óbice para a outra, ben ao contrario. Entrámbolos, pernoctamos,
fuxidío, nembargantes. Na liña do horizonte eu pídome Aínda e tu Agás.
Somos dentro e fóra, un espello diante doutro. Saúda,
hai adverbios que che aplauden. Cada vez teño máis claro
que escribo para que nos lea o El lírico, cona que o botou etc.

Supoño que son as nosas gañas de gañar. E penso
que, cando me ensinabas as condicións baixo as que
de ningún xeito se moverían as túas nádegas ao lado do poli-
deportivo, realmente insinuabas que as túas cachas
multifccionais / serias / transgresoras de dramas
eran o armageddon das formigas.
Fáltame a esquina dun dente
e, cando che como as cachas,
rabúñoche un pouquiño de alma.
Fáltame ter unha parada de autobús á que non chegar a tempo
e chove e posme negro.

Pero onde imos ir parar, ho! Co animal ao lombo viviamos mellor,
onde vai parar, ho! Isto vai parar de vez, ho! Devez. Debes o teu peso en horas extras.
De veras? Xa chegamos á casa? Pero que merda de casa é esta?

Propuxerámonos pronunciarnos ou algo así. Despois unha cousa levou á outra
e agora mira, que facemos coa Cidade da Cultura? Porque falar seica é de balde
pero hai palabras que matan máis cá fame, meu, de morte matada seica, meu,
isto é unha OPA hostil contra o ceo da boca, meu, non me fodas!

Vai e dime, *si no quieres no vayas*, mala centella te coma, díxenlle eu, etcétera.

E nós aquí sentados, por dicir algo, mirándolle o sorriso ás moscas... a min gústame
cando son neno e estou coa avó na veiga :_) e que lle dean polo saco ao materialismo
histriónico.

O tren que me leva me leva me leva florciñas do verde ramo, auscúltame a min primeiro,
Piñeiro, auscúltame a min primeiro! Pónseme tesa a ialma como cumes curoutos
que emboubelan rispétidos insgrevios e óuridas eisentadas de soedá vertebran!

Liscaron todos pero oh, a casa! Que fermosa a casa se acha, inmorredoiro esprito! E *si no
quieres no vayas, un chupito de formol, rumoroso rumoroso, donde dejas las iconas? Por cierto,
sabes por que acabo en castellano? Porque puedo e Jódete.*

Convite á clarividencia. STOP.
Cry cry cry no more. STOP

[CAMBIO]

Camiñabamos por duplos bosques crebados en dous e en varias metades medias e dividíamos a estulticia que se escarallaba xeonllo a xeonllo. As pegadas na dupla lama xa redobrada en oito e as lesmas esvarando / sobrevivindo / no mercy [CAMBIO]. Paseabamos con pistolas entre a mestura aberta en oito dun duplo bosque. E o océano crebounos a mirada orfa de miseria.

E o océano fagocitou mar e terra e ceo.

E o océano sepultounos.